




Anotada en el Libro de Resoluciones de  
la Junta de Gobierno Local,  
con el núm: RES/AYT/26321/2021  
25/11/2021

Área / Unidad GESTION DE DEPORTES DJ1000	Documento 2111510516	
Código de verificación  2E72 3X3L 5U0R 6K2L 0CSZ	Expediente 211/2021/845	
	Fecha 24-11-2021	

## DECRETO

Visto o informe da xefa do departamento de Deportes que antecede ao presente Decreto e, en uso das facultades que me confire a Lei 7/8195, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e, consonte coa delegación de Alcaldía, mediante decreto 3847/2019 de data 26.06.2019 (BOP núm. 124, de 03.07.2019),

## RESOLVO

**Único.** Aprobar as bases reguladoras da convocatoria dos cursos de iniciación ao golf a impartir durante o ano 2022, as cales se achegan como anexo.

A Coruña, a data de sinatura electrónica de este documento.

A Conselleira de Deportes, consonte co dispositivo Terceiro letra e) do Decreto 3847/2019 (BOP núm. 124 de 03.07.2019)

Mónica Martínez Lema



## **BASES REGULADORAS DOS CURSOS DE INICIACIÓN AO GOLF A IMPARTIR DURANTE O ANO 2022**

### **I. OBXECTO**

Constitúe o obxecto destas bases a matrícula nos cursos de iniciación ao golf a impartir no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules durante o ano 2022 nas seguintes quendas:

1. Primeiro trimestre: xaneiro, febreiro, e marzo do 2022.
2. Segundo trimestre: abril, maio e xuño do 2022.
3. Cursos de verán: xullo e agosto do 2022.
4. Cuarto trimestre: outubro, novembro e decembro do 2022.

### **II. INFORMACIÓN DE CURSOS, PRAZOS PREVISTOS DE PREINSCRICIÓNS E MATRÍCULAS PARA CADA QUENDA**

As presentes bases, ás que se incorpora como Anexo I a información correspondente aos cursos do primeiro trimestre, así como calquera outra incidencia como vacacións, suspensión de clases, etc., publicaranse na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos taboleiros de anuncios do propio campo municipal de golf e das instalacións municipais da Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor e no teléfono de información cidadá 010.

En canto aos restantes trimestres, toda a información correspondente a cursos, grupos e prazos relativos ás sucesivas fases do procedemento, serán obxecto da mesma publicidade, coa autorización da Xefatura do Servizo de Deportes, como complementos desta convocatoria e co tempo suficiente para o seu desenvolvemento.

### **III. SOLICITUDES DE MATRÍCULA**

1. Lugar de presentación das solicitudes: a través da páxina web da Concellaría de Deportes ([www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes)) ou nas oficinas do Campo Municipal de Golf Torre de Hércules e serán tramitadas en liña.
2. Idade das persoas solicitantes: a idade mínima para participar nos cursos é de 6 anos. Deberá terse cumprida -ou cumprirse- a idade requirida durante o desenvolvemento do curso.
3. Número de cursos por persoa: Cada persoa poderá solicitar un máximo de dous cursos, pero só se poderá matricular nun único curso.
4. A presentación da solicitude implica declarar que son certos os datos achegados. No caso que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos mesmos, o alumnado afectado causará baixa no curso, sen dereito á devolución das taxas aboadas.

Criterios de selección dos solicitantes: Terán preferencia, en primeiro lugar, as persoas empadroadas no Concello da Coruña e, en segundo lugar, quen non realizase ningún curso de iniciación ao golf no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules. Naqueles cursos nos que a demanda sexa maior que a oferta, procederase a asignar as prazas a partir da letra do primeiro apelido, conforme ao sorteo público (a letra será quitada empregando a páxina web: <https://echaloasuerte.com/draw/new/letter/> ou a través do procedemento de insaculación). A estes efectos aclárase que as preposicións -e calquera partícula en xeral- que acompañen a un apelido non forman parte do mesmo.

Se unha vez rematado o prazo de matrícula quedasen prazas vacantes abrirase un novo prazo, mediante a publicación dun anuncio na páxina web da Concellaría de Deportes



([www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes)), para que se poidan matricular as persoas que o desexen por rigorosa orde de chegada ás instalacións do campo de golf da Torre.

#### **IV. FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA**

1. A matrícula formalizarase no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules mediante o pago das tarifas correspondentes segundo a Ordenanza Fiscal vixente. Para constituírse un grupo será necesario un mínimo de 6 persoas inscritas; en caso contrario, facilitaranse outros horarios ás persoas solicitantes.
2. **Documentación que debe acompañarse para a matrícula.** No momento de formalizar a matrícula deberá presentarse: fotocopia do DNI (desde os 14 anos); para menores de idade ou persoas suxeitas a tutela, aínda que dispoñan de DNI propio, tamén deberá presentarse Libro de Familia e DNI de pai/nai ou titor/titora legal. No caso de persoas suxeitas a tutela deberá achegarse tamén o documento legal que a acredite.
3. A persoa que se matricule ou, no seu caso, quen teña a súa representación legal, fará constar que non padece ningunha enfermidade que lle incapacite para a práctica da actividade deportiva. No suposto de padecer algún tipo de discapacidade ou existir calquera outra cuestión relevante que poida incidir na práctica deportiva, deberá achegarse informe clínico dirixido ao Servizo Municipal de Deportes.
4. Serán de aplicación as normas de uso das "Instalacións Deportivas Municipais, Escolas Deportivas Municipais e outras actividades" aprobadas pola Xunta do Goberno Local do 20 de xullo de 2007.
5. O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.

#### **V. PROTECCIÓN DE DATOS**

Os datos persoais facilitados polos solicitantes serán tratados por ORTO PARQUE E XARDÍNS, S.L. e SIDECU, S.L. U.T.E., formando parte dos ficheiros INSTALACIÓNS DEPORTIVAS e CAMPO DE GOLF TORRE DE HÉRCULES, do que será responsable do tratamento o Concello da Coruña con dirección en María Pita, 1 15001 A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase na necesidade que a prestación dos servizos conleva o tratamento de datos persoais. O Concello conservará os datos durante o tempo que sexa necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se poidan derivar da finalidade exposta e do tratamento dos datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

Non se considerará cesión de datos cando sexa de aplicación a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, xa que, como se indica na disposición adicional vixésima quinta, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal cuxo tratamento sexa responsable a entidade contratante.

O interesado poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos mediante comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, sito en Praza María Pita, 1. 15001 A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPD Exercicio de dereitos" (xunto á súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando fotocopia do DNI) ou ben mediante solicitude na sede electrónica. Dado o carácter confidencial da información, non poderá exercer os seus dereitos



telefonicamente, posto que este medio non permite acreditar a identidade como titular dos datos rexistrados.

Coa sinatura da solicitude autorízase a tomar imaxes das actividades que se realicen, sempre que se utilicen para a promoción e difusión das mesmas, así como á utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes.



**ANEXO I ÁS BASES REGULADORAS DOS CURSOS DE INICIACIÓN AO GOLF A IMPARTIR DURANTE O ANO 2022 .CURSOS DE INICIACIÓN AO GOLF 1º TRIMESTRE (XANEIRO-FEBREIRO-MARZO) DE 2022**

- **Presentación das solicitudes:** as solicitudes para participar nos cursos poderán presentarse do 01 ao 10 de decembro de 2021, ambos os dous inclusive; o prazo remata ás 14:00 h do día 10 de decembro.
- **Listaxe provisional de solicitantes:** publicarase a partir do día 14 de decembro de 2021 na páxina web municipal [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e nos taboleiros de anuncios do propio campo municipal de golf e das instalacións municipais da Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio dos Deportes de Riazor, e no teléfono de información cidadá 010.
- **Emenda de erros:** abrirase un prazo de corrección a partir da data de publicación das listaxes provisionais para que se poidan formular alegacións no prazo de 5 días naturais (do 15 ao 19 de decembro). As mesmas presentaranse no Campo Municipal de Golf Torre de Hércules.
- **Sorteo público:** terá lugar o 20 de decembro de 2021, ás 10:00h, nas oficinas do Palacio Municipal de Deportes de Riazor; sacarase unha letra de maneira aleatoria que establecerá o corte do primeiro apelido a través da páxina web <https://echaloasuerte.com/>
- **Listaxes definitivas:** publicaranse a partir do 22 de decembro de 2021.
- **Matrícula:** No Campo Municipal de Golf Torre de Hércules do 23 ao 31 de decembro de 2021.

**GRUPOS DE IDADES:**

- Infantil: de 6 a 11 anos.
- Xuvenil: de 12 a 16 anos.
- Adultos: de 17 anos en diante.

**CURSOS OFERTADOS**

GRUPO	DÍAS	HORARIO	PRAZAS
ADULTOS	LUNS E XOVES	09:30 a 10:30	8
		10:30 a 11:30	8
		11:30 a 12:30	8
		19:30 a 20:30	8
		20:30 a 21:30	8
	MARTES E VENRES	09:30 a 10:30	8
		10:30 a 11:30	8
		11:30 a 12:30	8
		19:30 a 20:30	8
		20:30 a 21:30	8
	SÁBADOS E DOMINGOS	09:30 a 10:30	8
		10:30 a 11:30	8



XUVENIL	LUNS E XOVES	18:00 a 19:00	8
	MARTES E VENRES	18:00 a 19:00	8
	SÁBADOS E DOMINGOS	11:30 a 12:30	8
INFANTIL	LUNS E XOVES	17:00 a 18:00	8
	MARTES E VENRES	17:00 a 18:00	8
	SÁBADOS E DOMINGOS	12:30 a 13:30	8

### **DATAS DE INICIO E FIN DOS CURSOS**

- Luns e Xoves:
  - Dende o 3 de xaneiro do 2022 ata o 17 de marzo do 2022.
- Martes e Venres:
  - Dende o 4 de xaneiro do 2022 ata o 18 de marzo do 2022.
- Sábados e Domingos:
  - Dende o 8 de xaneiro do 2022 ata o 19 de marzo do 2022.